



lifefluvial
LIFE16 NAT/ES/000771
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORRIDORES FLUVIAIS DA REIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA



ZEC Río Eo ES1120002

LIFE Fluvial

Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol



Picapeixe
(Alcedo atthis)



Ameneiro (*Alnus glutinosa*)



Freixo
(*Fraxinus excelsior*)




O río Eo: Meira

Polo concello de Meira, o río Eo discorre encaixado no val, sendo alterado só pola presenza da represa da central hidroeléctrica da Treita. O río goza dun bo estado de conservación, cun bosque de ribeira continuado, coas especies máis características: amieiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus excelsior*). Sin embargo, el patóxeno *Phytophthora alni* ha provocado la muerte de muchos aliso europeos.


LIFE Fluvial eliminou amieiros enfermos, retirando eucaliptos, lameiróns e poboacións de crocosmia que crecían nas ribeiras



Garza real
(*Ardea cinerea*)



Antes das actuacións



Co obxectivo de restaurar o bosque ribeirogo, plantáronse máis de 200 pés de especies características do hábitat: freixos (*Fraxinus excelsior*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*), loureiros (*Laurus nobilis*) ou avelairas (*Corylus avellana*)




Avelaira
(*Corylus avellana*)



Eucalipto




Lameirón



Crocosmia

Outra ameaza son as especies exóticas, como a crocosmia (*Crocosmia × crocosmiiflora*) e o lameirón (*Prunus laurocerasus*), ou os cultivos forestais de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) especie de orixe australiana, un dos cultivos forestais máis abundosos no noroeste ibérico. Esta árbore produce grandes cantidades de follaxe e substancias que inhiben a xerminación doutras especies



Despois das actuacións

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

